

UNHA HISTORIA

Texto e ilustracións de MARIANNA COPPO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 23 x 27 cm. 48 páx. 15 €.

Unha historia (galego)

ISBN 978-84-8464-398-2. Demademora.

Una historia (castelán)

ISBN 978-84-8464-403-3. Obras de autor. Primeros lectores.

Un conte (catalán)

ISBN 978-84-16804-54-2. Obres d'autor. Primers lectors.

Istorio bat (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-054-6. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Uma história (portugués)

ISBN 978-989-749-103-0. Obras de autor. Primeiros leitores.

Era una vez unha páxina en branco.

Mais non estivo así por moito tempo...


Cruzarse de brazos ou actuar, aburrirse ou procurar diversión: é cuestión de actitude. Entre os simpáticos personaxes de “Unha historia”, só un opta por aproveitar o tempo cando os demais agardan polo relato que han de protagonizar. Mentres divagan -como se dun trasunto de “Esperando a Godot” se tratara-, non se decatan de que o seu compañeiro está construíndo ao seu arredor todo un mundo de cor e aventuras coa *única* axuda duns lapis e da súa ilimitada imaxinación.

Rompendo a *cuarta parede* -esa fronteira invisible entre a obra creativa e o público- é posible ser partícipes da trastenda do libro; unha idea sinxela que Marianna Coppo desenvolve de maneira efectista e sorprendente para propoñer unha necesaria reflexión sobre o conformismo, a apatía, a inseguridade ou o temor ao descoñecido, fronte á iniciativa, á audacia e á vontade por mellorar o contorno para que redunde nun mesmo e nos demais.

E por fin, a historia chega aos seus impacientes destinatarios en forma de carta; a mesma *carta urxente* que a autora deposita nas mans das lectoras e lectores con este libro cuxa portada e envés se presenta como un sobre postal. “Unha historia” destaca tamén polo seu sutil sentido do humor, a frescura dos telegráficos diálogos entre os protagonistas, o tratamento dos silencios e do espazo en branco, que aumenta ou diminúe de xeito inversamente proporcional á presenza da fantasía.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a imaxinación e a iniciativa por contraposición ao aburrimiento e á apatía.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** estética a modo de carta; influencia da obra “Esperando a Godot”; humor, colorido; un libro sobre un libro; libro sen fin.
- **Avance da obra:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-historia-g>

Marianna Coppo

(Roma, 1990)

Estudou ilustración en MiMaster, en Milán, perfeccionando a súa formación en materia de debuxo e de narración. Na actualidade traballa como ilustradora de libros para público infantil e é unha das promotoras de Tentacoli, un selo independente especializado en fanzines e produtos artesanais.

